

## DE FHC A LULA. UN ENSAIO SOCIO-PSICOANALÍTICO SOBRE A “CRISE BRASILEIRA”

ANTONIO CARLOS FREDDO  
Mestrado en Xestión de Negocios  
Universidade Católica de Santos

*Recibido:* 18 de febreiro de 2005

*Aceptado:* 28 de febreiro de 2005

### 1. INTRODUCCIÓN

No inicio do seu terceiro mandato presidencial, Fernando Henrique Cardoso declarou<sup>1</sup> que o que máis desexaba era a ideoloxía. Di que está “*ansioso por ideoloxía*”. Ao principio foi claro nas súas declaracións: falaba dos partidos políticos brasileiros.

Hoxe, agora que imos cara ao segundo ano do mandato do presidente Lula da Silva, podemos especular sobre a declaración de Fernando Henrique. A súa declaración tratábase, e aínda se trata, do intento de crear un escenario cargado ideoloxicamente no que se lle mostre ao brasileiro a súa propia responsabilidade pola situación social na que se atopa. A realidade presentada polo discurso oficial do Estado leva ao suxeito a tomar como porta de saída da súa situación aquilo que en realidade é o espello no que se reflicte unha realidade construída intencionadamente. A finalidade é unha soa: “*parecer ser*” a representación da relación imaxinaria do suxeito coas súas condicións reais de existencia.

Ao final da década dos anos setenta e a principios da década dos anos oitenta, o ex-ministro Delfim Netto atribuíulles a inflación, a inestabilidade económica e a pobreza a aqueles que tiñan un coche do ano, televisión en color e que viaxaran aos Estados Unidos. E o pobo creuno.

Na década dos anos noventa, o daquela presidente Fernando Collor declarou, despois da súa toma de posesión, que a inflación, a inestabilidade económica e a pobreza eran “culpa” daqueles que nese momento tiñan máis de US\$500 na súa conta bancaria. Acusou a esas persoas de “maraxás”. E o pobo creuno.

A principios do ano 2000, o daquela presidente do Senado, Antonio Carlos Magalhães, atribuíulles a pobreza a aqueles que recibían máis de R\$ 2.000,00 por mes (máis ou menos uns 550,00 euros, en valores de hoxe), declarando que a súa “loita” sería acabar cos pobres, para o cal crearía un imposto do 1% que debería ser pagado por todos aqueles que recibiran máis de R\$ 2.000 ao mes. Esta vez o pobo non o creu.

---

<sup>1</sup> *Revista Veja*, ed. 1512, núm. 36, 10-09-1997, p. 32.

Sorprendentemente, o Estado, e aqueles que directa ou indirectamente están ligados a el, insisten en que, para que a situación socioeconómica do Brasil mellore, debe levarse a cabo urxentemente unha reforma fiscal, e que só unha reforma fiscal permitirá o crecemento. Durante os dous mandatos de Fernando Henrique discutíuse a reforma fiscal. O PT de Lula era contrario a ela. Hoxe, o PT do presidente Lula da Silva non toca ese asunto.

Os poucos que insisten na reforma fiscal falan por si mesmos, xa que o Estado e os seus representantes son unánimes: só hai unha forma, e só unha, de mellorar a situación socioeconómica do Brasil: recadando. Por iso non se poden baixar os impostos e, menos aínda, diminuír o número de impostos.

Hoxe (estamos no ano 2005), por exemplo, o CPMF (contribución provisional sobre movementos financeiros), que se transformou no IPMF (imposto provisional sobre movementos financeiros) e que foi obxecto de contundentes críticas por parte do daquela candidato Lula da Silva e do PT, continúa sendo cobrado polo Goberno de Lula da Silva. Hoxe non se discute o asunto. E a pesar das declaracións do ministro Palocci de que o brasileiro paga “*pouco imposto*”, seguimos sendo un país que non só paga “*moito imposto*” senón que pagamos *moitos* impostos. A recente revisión da táboa do imposto da renda gravou en exceso ás micro e ás pequenas empresas.

Pero as discrepancias sociopolíticas do Goberno “*petista*” entre o antes e o despois non só son visibles senón sobresalientes. O rumbo que tomou o PT tras as eleccións podería ser explicado pola teoría dos grupos e pola teoría dos tipos lóxicos, que sinalan dous tipos de cambios: o cambio de primeiro grao, no que algo no grupo cambia para que todo permaneza igual; e o cambio de segundo grao, no que se cambia algo para que cambie todo. Pero o mellor para explicar o Goberno “*petista*” é o vello dito francés “*plus ça change, plus c’est a même chose*”.

Vexamos algúns exemplos.

Ao final do Goberno de Fernando Henrique, a maquinaria administrativa do Estado reducírase, diminuíndo a 700.000 o número de funcionarios públicos. A principios deste terceiro ano do Goberno de Lula da Silva, o Estado conta xa con 900.000 funcionarios. A expectativa do PT é a de chegar ao final do “primeiro mandato” con 1.200.000 funcionarios. Sorprendentemente, o Goberno aínda non rematou e xa se fala do “segundo mandato”.

Os gastos da maquinaria pública pasaron dun 11% a un 13%, un aumento de 7 mil millóns de reais (2 mil millóns de euros) no ano 2004.

A carga tributaria pasou dun 31,9% do PIB no Goberno de FHC a un 42% do PIB, aproximadamente, no Goberno de Lula da Silva.

Todo indica que o Brasil é un lugar distinto do que di Brasilia, onde as estatísticas afirman que 60 millóns de persoas viven na liña da pobreza e que uns 50 millóns pasan fame. O sentido común non permite que creamos neses números, sobre todo se temos en conta que eses números representan case 1/3 da poboación do Brasil e que, segundo a CEPAL, entre os anos 1990 e 1996, 16 millóns de persoas saíron da franxa da pobreza.

Unha recente investigación do Instituto Brasileiro de Geografía e Estatística (IBGE) mostra que a plataforma preferida polo presidente Lula da Silva pode ser incorrecta ou incluso equivocada. Esta investigación mostrou que a fame, a nena dos ollos de Lula, non afecta a 50 millóns de brasileiros, como se afirma categoricamente, senón que o problema máis grave é a obesidade. A divulgación dos datos, en lugar de ser recibida con alivio e con xúbilo, foi recibida con furibundas críticas e discursos. Incluso os membros do PT chegaron a avanzar a hipótese de que no Brasil a poboación famenta podería chegar aos 70 millóns de persoas.

O discurso ideolóxico-partidista mostrou a súa cara ao anunciar que o Goberno xa non permitiría que o IBGE divulgara os seus datos sen que antes fosen cribados polo partido. Parece ser que as boas noticias non son benvidas.

Ademais, o PT de Lula da Silva, cando se ergueu da cama o día 1 de xaneiro de 2003 ocupando a Presidencia da República, non se deu conta de que, entre outras cousas, perdera o control do Movimento dos Sem-Terra (MST). Hoxe, o MST pode ser considerado como un grupo revolucionario “armado e perigoso”: ten profesores ocupando cargos nas escolas públicas onde ensinan que “*águas passadas sim movem moinhos*”, é dicir, aínda ensinan cousas como a revolución vermella de Mao Tsé Tung, conmemoran a revolución cubana, teñen como ídolos ao Che, a Lenin, a Stalin, etc.

Pero o perigo é maior. O MST preséntase como inimigo dos latifundios, dos ricos, dos “explotadores”. Pero en realidade o MST, e aquí inclúo o PT, parece ser “inimigo” do proceso científico-tecnolóxico aplicado á produción, da modernización da produción e do conseguinte aumento desta. Estímase que o desenvolvemento científico-tecnolóxico dos últimos anos aplicado á produción de soia do Brasil supoñerá unha produción de máis de 60 millóns de toneladas de gran no ano 2005. Pero é unha boa noticia que non é ben recibida polo Goberno. Por fin, o feito de que haxa tanta comida axudará a desmentir os datos “oficiais” de que hai 50 millóns de famentos no país.

A última noticia que se ten do MST, para seguir co exemplo, é a fundación da “Escola Florestan Fernandes” para “ensinarlles” aos militantes as máis “modernas técnicas” de invasión de propiedades (incluso as produtivas, segundo o presidente do MST).

A pesar de todo isto, a actual situación social do Brasil é sorprendente: as súas distorsións sociais non descartan o feito de que o país aínda é un mercado para ser explorado.

## **2. O PAPEL SOCIAL DO GOBERNO: A DIALÉCTICA DA AMBIGÜIDADE**

Con todo, é a declaración de Fernando Henrique Cardoso, que toma hoxe o actual Goberno –o Goberno do PT e do Sr. Lula da Silva–, a mellor mostra da ambigüidade política do Estado. E esa ambigüidade crea un paradoxo que leva á empresa a converterse na esfera social por excelencia.

O que está ocorrendo neste comezo dos anos dous mil é a definitiva transferencia do papel social do Estado á empresa. Incluíu nese papel social a reconstitución do concepto de cidadanía.

A desvinculación do Estado do seu cidadán é máis profunda do que se pode (ou se podería) imaxinar. Ao Estado quedoulle o papel de transformarse en mero recadador de diñeiro pola vía dos impostos, taxas e contribucións. Peor, converteuse nun mero dilapidador.

O Goberno diríxese a si mesmo como unha “república”, como “republicano”, sen dicir o que iso significa exactamente xa que, coa proclamación da República no ano 1889, deixamos de ser unha monarquía. Corremos perigo.

Como vivimos baixo a protección dun discurso ideolóxico misológrata<sup>2</sup>, ¿corremos o risco de que os nosos gobernantes estean pensando nunha república “popular” como a da China, nunha “república” caracterizada pola inexistencia de representatividade popular e onde o partido se comporta como o “*umbiculus mundi*”? En fin, a maior acusación que se lle fai ao Goberno “*petista*” é a de estar sindicalizando o Estado, de ter medo da civilización, de ter medo da innovación.

Podemos pensar que os nosos gobernantes se ven como Xulio César, que desde o alto do Capitolio mira Roma aos seus pés e di: “*¡A república está morta!*”. Talvez sexa máis fácil pensar que a verdade é peor: non saben o que fan.

Finalmente, o Estado é “matriarcal” e, como tal, como a gran nai caritativa que é entre o castigo do pai e a benevolencia da nai, permíteo todo. Obviamente, a cegueira ideolóxico-partidista egocéntrica non permite que se vexa a acción *superegoica* do pai, que envía unha mensaxe a todos sen excepción: estou mirando.

Pero a nai superprotectora está presente e supón que non ve nada. Bo para eles; mala sorte a nosa.

Lembremos: os abusos xorden non polo rigor do pai, senón pola superprotección da nai.

O papel “nin un pouco” social do Estado dáse na dinámica daquilo que o Estado mesmo aínda chama “cuestión da cidadanía”: a repetición de frases feitas e xa “usadas” como, por exemplo, que o “cidadán aínda non contribuíu, pero vai contribuír”. A pregunta é clara: ¿contribuír con que e para que?

Contribuír con diñeiro ás causas sociais do Goberno. Non custa lembrar que o ministro Palocci afirmou recentemente que o brasileiro paga poucos impostos. Como se non abondasen os 57 impostos que ten o país.

Pero, a cuestión non é esa. A cuestión é ¿que “cidadán”?

A ambigüidade político-ideolóxica do Estado reflíctese nunha conduta política de cambadelas, na que o Goberno “*petista*” desmonta a maquinaria construída por gobernos anteriores baseándose na pura vinganza dos avances, aínda que sexan pe-

---

<sup>2</sup> Utilizando o termo de Roberto Romano, que di que a misolocracia pode ser entendida como o réxime que ten horror á lóxica, ao raciocinio e ao coñecemento. Roberto Romano segue o pensamento de Platón, que acuñou o termo “misólogo” para definir ao inimigo da cultura e o odio ás ideas. Persoalmente, prefiro usar o termo “ideoloxía misológrata” para definir o discurso que conduce a un pensamento obsesivo-compulsivo de desprezo á cultura, ás ideas, ao coñecemento, ao raciocinio.

quenos, dos gobernos anteriores, e por sentirse “herdeiro” das liberdades (non importa o que sexa iso), por ter loitado contra a “ditadura”. O lado negro permanece pola xustificación de que eses actos se basearon no pensamento distorsionado de que a cultura do brasileiro non pode ser alterada por culturas externas. Como se o Brasil tivera nado listo e acabado, como se non puidésemos demostrar que somos un país construído por Europa, herdeiro da súa cultura, a cal aínda mantemos.

Como curiosidade, o chamado Fórum de Porto Alegre, encontro contra a globalización e a internacionalización da economía, ofreceu datos interesantes:

- Os manifestantes (contra a globalización e a internacionalización da economía, cómpre lembrar) hospedáronse en hoteis da rede Sheraton, Accor e Holiday Inn.
- Alugaron coches das marcas GM e Toyota.
- Comeron no McDonald’s e no Pizza Hut.
- Alugaron teléfonos móbiles TIM e Claro<sup>3</sup>.

Pero para “manter a cultura local”, convidaron a Hugo Chávez e a varias tribos indíxenas.

Por outro lado, a manifestación máis interesante correu a cargo do PT e do presidente Lula da Silva: Lula foi apupado por manifestantes “*petistas*” que abandonaran o PT, incluíndo a Plínio de Arruda Sampaio<sup>4</sup>, un dos principais fundadores do partido, que afirmou que o PT deixou de ser o partido dos cambios para pasar a ser o partido dos privilexios. Mellor sería dicir que o PT se converteu nun partido de ideas mortas. O mundo do PT non é o mundo dos feitos, o mundo real do suxeito, senón que é o mundo do discurso, o mundo do discurso ideolóxico alienante.

A verdade é triste: como a película *A classe operária vai ao paraíso*, o PT representa ao obreiro que chegou ao paraíso. O problema é que o protagonista morre ao final da película.

### 3. O BRASIL DESDE O PUNTO DE VISTA SOCIOLÓXICO

Pero, cando se desexa mirar o Brasil de hoxe desde o punto de vista sociolóxico, ¿por onde empezar?

Na miña opinión, unha análise sociolóxica do Brasil actual debe extrapolar a visión do simplemente sociolóxico. Non podemos quedarnos só na análise social. Cómpre ir máis lonxe e analizar a “trama” do social; máis aínda, os “nós” que forman esa trama. E eses “nós” non son máis ca os actores sociais; nós, os suxeitos, ou aqueles que deberían ser “suxeitos”.

Dese modo, falar dunha análise social do Brasil actual é, en realidade, falar dun Estado en crise. Así, quedáanos só unha única análise: definir que “crise” é esa.

---

<sup>3</sup> Claro, provedor de telefonía móbil, é unha empresa mexicana.

<sup>4</sup> No Fórum de Porto Alegre 100 manifestantes “*petistas*” afiliados ao partido, incluíndo membros da cúpula, abandonaron o partido.

Procurarei demostrar, aínda que sexa superficialmente, que esa “crise” xa non debe ser analizada desde os puntos de vista sociolóxico, económico, administrativo, senón desde a psicanálise. Seguramente poderemos dicir que o Brasil non pasa por ningunha “crise”, pero si por un “brote psicótico”.

Por iso, con facilidade perdémonos nas reviravoltas das discusións socioeconómicas, administrativas, legais e filosóficas; porque nos esquecemos de que o social somos nós e que antes de ser “colectivos” somos “individuos”.

É interesante ver que, cando miramos polo lado social, nos convencemos de que a chamada “crise de Estado” pasa pola dinámica social: mortalidade infantil, analfabetismo, falta de auga, saúde pública deficiente, saneamento básico deficiente, educación básica soportable, traballo infantil e incluso traballo escravo.

Pero a crise tamén é económica: mala distribución da renda, altos impostos, “sur desenvolvido”, “nordeste subdesenvolvido”, *favelas*.

Pero a crise tamén é administrativa: goberno centralizado e centralizador, cargos públicos hereditarios, dispersión dos recursos públicos, importante número de funcionarios, salarios elevados, acumulación de cargos, xubilacións altas e, no Goberno “*petista*”, distribución de cargos a membros do partido en detrimento da memoria funcional<sup>5</sup>, sindicalización do Estado e da maquinaria pública, “faccionalismo”, etcétera.

Imaxino o Brasil dos anos dous mil xa non máis como a representación daquel país que foi chamado de Belindia, dunha Bélxica rica e dunha India pobre, senón simplemente como o país do *desvínculo* entre o Estado e o suxeito. E ese *desvínculo* é a metáfora da crise de Estado: sen suxeitos non pode haber un “Suxeito”; sen un “Suxeito”, os suxeitos non poden ter un “significante” ao que acomodar a súa propia imaxe. Sen un “Suxeito” que lles dá imaxe de suxeito, os suxeitos non poden ser considerados cidadáns. Entón, cal é o problema? Non somos cidadáns. E, segundo parece, nunca o fomos.

Por iso, querer ter unha “visión sociolóxica” do Brasil de hoxe é preguntar polos seus cidadáns. Onde están os seus cidadáns? Empezaría por localizalos, paradoxalmente, na súa ausencia.

Así, dúas son as cuestións que proponho.

Por que pasar dunha análise sociolóxica a unha análise psicoanalítica? Por dous motivos: primeiro, porque se trata dun *desvínculo* entre o país do “Real” do real do país, afirmando un posible “si mesmo” que dá renda solta aos impulsos do *el* en detrimento do *outro*, do suxeito; segundo, porque o suxeito, por estar en crise de identidade, está ausente.

A conclusión é simple. Esta crise trátase de “ideoloxía en acto”, xa que aparentemente o Estado ten interese en non nomear o suxeito pero, ironicamente, é a empresa a que vai nomear ese suxeito. Peor que nomealo, vai devolvelo, *resubxectivado*, ao social.

---

<sup>5</sup> Nos dous anos do Goberno de Lula da Silva, 20.000 cargos públicos foron postos en mans de membros do partido. O actual Goberno ten a media nada boa de 25 substitucións de nomes de primeiro nivel. Un exemplo máis interesante de que todo cambiou para quedar todo igual.

#### 4. A VISIÓN PSICANALÍTICA: A NOSA CRISE DE IDENTIDADE PARTICULAR

Pasamos, xa que logo, por unha crise de identidade. Para nós o Brasil é a fonte dun dilema, dun dilema de filiación. Non temos un significante representativo da nosa imaxe de suxeito ao que afiliarnos.

Diría, para introducir ese significante ao que aínda non nos afiliamos, que este é o mesmo significante que o Estado tampouco encarna aínda: o sentimento, ou condición, da cidadanía: é o significante que nos representa como suxeitos dese gran “Suxeito” que é o Estado, é dicir, como cidadáns.

Non nos sentimos coidados porque o Estado non nos mira como cidadáns; el non nos ve como cidadáns. Como el non nos mira e non nos ve, non temos imaxe de cidadáns nin reflectimos a imaxe de cidadáns. Para o Estado, nin sequera somos os seus suxeitos. Fomos esquecidos. Como o significante ser cidadán asume calquera significado que o suxeito, ou o Estado en canto que gran “Suxeito”, quere, xorde unha crise de identidade xa que calquera cousa pode ocupar o lugar do significante.

Así, ser cidadán depende, por exemplo e para ser irónico, da época do ano. A principios de ano, por exemplo, ser cidadán significa ser contribuínte ao Estado. Declara a receita federal que “*é dever do cidadão pagar os impostos em dia*”. Velá un cidadán con deberes.

Ultimamente, cada dous anos aparece o cidadán con dereitos. “*É direito do cidadão votar*”, afirma a xustiza electoral. Aínda que votar é tamén un “deber”, pois o elector ausente da votación será legalmente penalizado.

De vez en cando, o significante ser cidadán ten connotación forte, agresiva. De vez en cando, somos cidadáns que teñen o deber de sacar a outro cidadán da fame, do abandono, da miseria, outro que ten o dereito de ser sacado da fame, do abandono, da miseria.

Este é o caso das campañas que unha e outra vez estalan polo país, que son coordinadas polo Estado xeneroso, por algúns dos seus órganos ou empresas, ou por algunha entidade desvinculada, pero non tanto como sabemos, do Estado. Ese é o caso das campañas das ONG, das campañas contra a fame, contra a miseria, contra a violencia, etc. Son casos nos que o Estado lanza aos seus suxeitos a responsabilidade polo *outro*, polo desfavorecido, polo que non ten nada, como se el, o *outro*, non fose cidadán por culpa daqueles que o son, aínda que estes non saiban que, tamén eles, non o sexan.

Cobrar daqueles que teñen de máis ou só algunha cousa de máis, que fagan algunha cousa por aqueles que non teñen, é ese o servizo da mentira do Estado.

O discurso da crise de Estado é, entre outras cousas, ocultar que o engano nos impostos se dá, non porque o rico é rico, senón porque oculta e por iso o pobre é pobre. A mentira do Estado é que o imposto está inxustamente alto para todos: para aqueles que nada teñen porque o imposto non lle é devolto en beneficios sociais; tamén o é para aquel que non ten motivos para ocultar. Oculta porque, pola canti-

dade e polo número de impostos, é máis fácil ocultar. A maior mentira da crise de Estado é negar, no sentido da negación freudiana, a diferenza entre a recadación e o seu reinvestimento en beneficios ao alcance de todos.

Son os extremos absolutos e, claro, discutibles. Pero entre os extremos sucede de todo. Incluso o feito de que o Estado declare a condición do cidadán, ou de “ser cidadán”: cidadán é o suxeito que ten algo e que por ter algo é culpado pola miseria que desfila ante os seus ollos. A este cábelles entoar un *mea culpa*: compartir, repartir. Velaí a condición do brasileiro que é cidadán. Suxeito nunha dobre acepción: ser o suxeito na acción do Estado e estar suxeito á acción do Estado. O universo kafkiano da *brasilianidade* vinculada ao significante traído polo colono en tanto que colonizador: ambos os dous queren ter vantaxe. Enganar ao outro como se os dous vivisen en universos paralelos, como se un non coñecese nin as leis nin o lexislador, como se só un lexislase en beneficio propio.

Sorprendentemente, é Kafka quen nos lembra que “aqueles” que están arriba, que elaboran as leis, aparentemente non saben para que serven as leis que eles mesmos elaboran e, por iso, non as respectan. O exemplo da desobediencia vén de arriba. Pero é un engano. Á vez que todos lexislan en beneficio propio, paradoxalmente, as leis xa están listas.

Por iso todos constrúen a súa propia significación sobre o que é ser cidadán: é calquera cousa que mostre ao individuo que el ten que chegar primeiro, que el debe chegar primeiro, non importa onde, non importa por que, non importa para que, non importa como. O único importante é chegar antes. Ese é o “*s(e)u xeito*”.

Por iso o brasileiro non só desobedece as leis, senón que as despreza. Por iso a crise de Estado pasa tamén por aí. Créanse as leis non no nome dun benestar social xeral ou dunha moral, senón no nome do Estado e para maior beneficio do Estado. Ese é o “*s(e)u xeito*”.

O que queira que se espere con esa lei será, está claro, desviado, corrompido, deformado. Non importa o que sexa. Ao final, el é o Estado. Na xerarquía dos que teñen e dos que non teñen, cómprelle ao Estado o papel negado a todos: a transformación da *res publica* en *res familiaris*. O público pertence agora ao Estado, esa “gran familia” que transformou todo en “cousa familiar” e que relegou o cidadán á condición de fillo bastardo.

O Estado é o “Gran Pai” lexislador na súa dobre condición de pai castrado que lle dá todo ao fillo pródigo e de pai castrador que, non satisfeito con negar todo ao fillo bastardo, o repudia. Como pai castrador negou ao fillo non só a súa filiación, senón o significante que implicaba, que representaba, esa filiación. Somos un pobo cun serio problema de identificación. Peor que non ter un pai que nos recoñeza é o feito de que vivamos en casa do padrasto.

Todo isto nos remite a unha cuestión que me chama a atención: velaí o feito que nos converte nun pobo fóbico. Por iso chamei á nosa crise “brote psicótico”. Vexamos.

Cargamos o significante ser cidadán nunha cadea de significantes na que a imaxe, a nosa imaxe, de cidadán cambia a cada novo significante introducido na

cadea significativa, xa sexa polo Estado xa sexa pola nosa necesidade de recoñecemento. Así, ser cidadán é calquera cousa que para o suxeito signifique ser cidadán. Por iso, por exemplo, calquera, ou calquera cousa, que consiga deslizar o seu significado por baixo da liña da significación produce a significación no inconsciente de “ser cidadán”. Por iso, ser cidadán onte non é a mesma cousa ou non ten a mesma significación ou sentido que ser cidadán hoxe.

Pero, por que é unha fobia? Porque ser cidadán converteuse nunha crise do significativo, crise á cal o Estado se agarrou como unha fórmula milagreira para manipular mellor ao seus suxeitos.

Fagamos un xogo de significantes:  $\frac{S1}{s1}$  é o significante cidadán no tempo  $T_1$ .

De repente, en  $T_2$  o suxeito recibe a mensaxe  $\frac{S2}{s2}$  que di que “ser cidadán é ser contribuínte do Estado”. Para o suxeito, ser cidadán ten agora unha nova formulación:

$$\frac{S1}{s1} \times \frac{S2}{s2} \rightarrow \frac{S2}{\frac{S1}{s1}} = \frac{S2}{s1},$$

onde  $\frac{S1}{s1}$  tomou o lugar do significado  $s2$ . Isto é, claro está, inconsciente.

Aí chégalle algunha cousa nova. A campaña contra a fame, por exemplo. ¡Vostede, cidadán que ten demasiado, compartá! Velaí o novo significante que representa o cidadán.

Ser cidadán ten agora unha nova fórmula:  $\frac{S5}{s5}$ .

Que temos?

$$\frac{S2}{s2} \times \frac{S5}{s5} \rightarrow \frac{S5}{\frac{S2}{s2}} = \frac{S5}{s2},$$

onde  $\frac{S2}{s2}$  toma o lugar de  $s5$ .

Trátase dunha metáfora: ser cidadán é compartir o que vostede ten con quen non ten. E así vai.

Reprimido, non recoñecéndose porque non é recoñecido, o individuo desencadea un proceso de filiación ao primeiro significante que para el represente a mellor imaxe do “ser cidadán”. Só que iso desencadea un desastre. Antes ou despois de-

sencadeará a fobia, esa fobia da que falo. A fobia pode espertar, por exemplo, cando o Goberno di que vai aumentar os impostos ou crear un novo imposto, como é o caso do imposto provisional sobre movementos financeiros (IPMF)<sup>6</sup> que o Estado intentou pasar de “provisional” a “permanente”, pero que segue sendo provisional e seguímolo pagando.

A fobia desencadeada é, xustamente, a fobia de ser cidadán, momento do descremento absoluto no Goberno, nos políticos, nas institucións do Estado, no propio Estado, como se ironicamente el, o Estado, fose un suxeito con traxe e gravata andando polas rúas. A metáfora do Brasil é esa: un suxeito que pasa pola rúa e chámate: eh!, vostede, déame cartos...<sup>7</sup>.

Así é como, no afán de construír a cultura da submisión, o Estado desencadeou nos seus suxeitos a peor das fobias: non reconecerse como cidadáns por non ter unha imaxe de cidadán na que reflectirse. Por iso mesmo, os suxeitos do Estado menosprezan o que é máis sagrado para o Estado: as leis que o representan.

A partir do momento en que o Estado converte a *res publica* en *res familiaris*, “estado” en que el, o Estado, só se ve e só ve as súas propias fabricacións, isto é, as súas propias leis, instáurase a normalidade que vai estabilizar o “brote psicótico” na crise de filiación do suxeito. A partir dese momento os comportamentos do “Pai” serán os do fillo, non importa quen sexa este. Esvaeuse a dialéctica do pai castrado/castrador, do bo/mal fillo. Estamos todos libres para gozar. Pero iso ten un prezo, e o prezo é deixar gozar tamén ao pai.

Que significa iso? Significa, ou mellor, reflecte a debilidade do superego. Ambos os dous teñen, iso si, un ego fráxil cara ás satisfaccións inmediatas no contacto coa realidade. Así, liberan o *el* para facer o que se queira, para gozar. Non hai problema. Non haberá castigo. Quere dicir, desde logo, desde que o fillo deixe gozar ao padre.

A crise, esta real, de filiación do brasileiro a un significante que o represente como cidadán ante outro cidadán levouno a un proceso de alienación en relación co Estado. Pero iso sería ata normal se a alienación maior non fose a do Estado en relación co individuo. Por iso a crise, que pasa polo significante, é máis profunda, é máis seria. É, por dicilo así, unha represión, e como toda represión pode explotar en calquera momento. O Estado, alienado do seu suxeito, crese o “suxeito” ao que todos se afiliarán, ou se alienarán, dá o mesmo. Por iso el cre na súa omnipotencia, sen nin sequera estar presente.

Aquí está o porqué de que a nosa imaxe de cidadán sexa tan volátil e de que calquera cousa a escureza. Talvez sexa por iso polo que o brasileiro, sometido á cultura da submisión, prefira *panem et circensis* e non se dea conta de que está sendo utilizado polos que están arriba, no mando.

---

<sup>6</sup> O imposto provisional sobre movementos financeiros (IPMF) cobra o 0,38% de calquera movemento financeiro feito por contas bancarias e de investimentos. O PT utilizaba o IPMF como plataforma política e chamáballe “*imposto para matar a fome*” (“imposto para matar a fame”). Hoxe, o PT e o presidente Lula da Silva no din nada sobre este asunto. E o imposto segue sendo cobrado.

<sup>7</sup> En portugués, “*ei, você aí, me dá um dinheiro aí...*” é unha canción carnavalesca moi popular.

A metáfora da política “*tupiniquim*”<sup>8</sup> parece ser a de que a política é unha ciencia e unha arte: a ciencia e a arte de pastorear os rabaños humanos, de reunilos, de seducilos, de darlles unha única voz, unha única idea e, despois, de levalos ao matadoiro. E a expresión máis delicadamente acabada desa creación romana que é o *panem et circensis* é a “*brasileiríssima*” praia. Nada mellor que unha praia para desviar a atención do brasileiro. Se hai praia e fútbol, xa que logo, nin se fala. Houbo na televisión brasileira unha novela na que as personaxes declaraban que “*nada havia de mais brasileiro do que a cachaça e a broa de milho*”. Isto si, polo que parece, son os significantes aos que paga a pena afiliarse.

Vexamos un pequeno exemplo. O suxeito é portador dun conxunto de imaxes que non se entrecruzan: é empregado dun banco, é da igrexa, é do club, é do equipo de fútbol, é, incluso, cidadán. O detalle queda por conta de que el sabe que é empregado dun banco, que é da igrexa, que é do club, que é o porteiro do seu equipo de fútbol. En cada unha desas situacións vive unha situación “dialéctica”: son esferas da súa vida que el se encarga de non mesturar. Pero vive, ironicamente, unha situación que é ideolóxica: aínda que non queira mesturar, inconscientemente non só xa as mesturou, senón que xa chegaron a el “mesturadas”. Por iso, el é reprodutor de todas as imaxes que el leva. Só que nesa intersección do dialéctico e do ideolóxico a súa crise de identidade é ideoloxicamente manipulada para ser inconsciente en tempo integral, para que a trama do Estado estea sempre presente. Velaí a ironía: el, o suxeito, necesita que se lle lembre que é cidadán.

Por iso, talvez por iso, xurdan os absurdos. E un deles é falar dunha “cuestión da cidadanía”; é imaxinar que no Brasil todo, todas as feridas, pasan por unha “constitución da cidadanía”, como se iso fose unha lata que se compra nos grandes almacéns da esquina. Ou como ocorreu nunha reportaxe de televisión sobre as cuestións da cidadanía, na que un sociólogo ao que entrevistaban dixo que “*os conceitos de cidadania deveriam ser sempre aplicados*”. Como se “cidadanía” fose algún tipo de vacina que o suxeito vai poñerse nun ambulatorio.

Pero as cousas invertíronse no universo kafkiano nacional. Aquilo que onte era *conditio sine qua non* é hoxe simple papel. Ser cidadán no Brasil é, paradoxalmente, un enunciado sen suxeito. O cidadán, como suxeito, non veu, faltou. E porque faltou desencadeou unha “crise de Estado”. Mellor sería se viñese.

Isto, volvo á declaración de Fernando Henrique Cardoso, lembrando o concepto de ideoloxía de Althusser: a ideoloxía representa a relación imaxinaria dos individuos coas súas condicións reais de existencia. Pregúntome que sería o que FHC quería dicir finalmente, pois, aparentemente, a ideoloxía do PT cambiou de cara. Peor aínda, cambiou de rumbo. Pero agora que está no poder non importa nada máis, e os hábitos do uso do Estado en beneficio propio foron prontamente adoptados.

Mala sorte a nosa.

---

<sup>8</sup> Termo utilizado no Brasil para designar o estrita e tipicamente nacional. O termo vén do Tupi, gran nación indíxena que habitaba o Brasil e da que aínda subsiste o idioma e algunhas aldeas.